



COUSAS QUE DEBES SABER ANTE UNHA FOLGA

Desde **CIG-Saúde** tentaremos respostar ás principais dúbidas que xiran arredor da convocatoria de folga do vindeiro **30 de novembro e 14 de decembro**, para que todas as traballadoras da provincia de A Coruña poidan facer valer os seus dereitos e secundar a mobilización con liberdade.

Lembra que a folga **comeza na quenda de noite do día 29 de novembro e do 13 de decembro**, rematado no inicio da quenda de noite do 30 e do 14.

1. Cal é a miña situación laboral no día de folga?

Durante a xornada de folga, o contrato de traballo está suspendido, ficando sen efecto as obrigas recíprocas do traballador ou traballadora e a empresa: traballar e pagar o salario. Para os efectos de Seguridade Social, o traballador ou traballadora permanece nunha situación asimilada á alta.

2. Canto me poden descontar pola folga?

No día de folga, descóntase a parte proporcional dos conceptos salariais e extrasalariais que correspondan a esa xornada, así como das partes proporcionais das pagas extraordinarias. Ao tratarse de paros parciais, descontarase o tempo do paro: 2 horas do salario diario. O teu dereito ao disfrute de festivos e vacacións non se ve prexudicado polo feito de secundares a folga.

3. Teño a obriga de comunicar á empresa que vou á folga?

Non, o dereito á folga faise efectivo unha vez que esta comeza. Non tes a obriga de comunicares á empresa se vas facer folga ou non. É máis, pedir a un traballador que asine un escrito manifestando a súa intención de secundar ou non a folga é unha infracción administrativa e pódese denunciar perante a Inspección de Traballo.

4. Se lle asinei un papel ao empresario dicindo que non vou facer folga, podo mudar de opinión?

Aínda que llo asinases con sangue. O dereito á folga é un dereito irrenunciábel e exércese no momento en que a folga comeza. O documento que asinaches non é vinculante porque vulnera un dereito fundamental.

5. Podénme despedir ou sancionar por ir á folga?

De ningunha maneira. O dereito á folga é un dereito fundamental. En caso de sanción ou despedimento, sería considerado nulo e o empresario tería que reincorporarte nas mesmas condicións que tiñas.

6. Qué son os servizos mínimos?

Durante as folgas que afectan a servizos básicos, como é o caso da sanidade, a Administración debe negociar coas organizacións convocantes da folga uns mínimos efectivos que **deben realizar tarefas básicas para manter a actividade urxente que non pode agardar a outro día**. O que acontece frecuentemente é que a Administración impón uns servizos mínimos abusivos, nalgúns casos con máis presenza mesmo que un día laborábel ordinario.

7. Se me designan para os servizos mínimos aínda que sexan abusivos, teño que ir traballar?

En principio, si. Non ires traballar cando es designado ou designada para os servizos mínimos pode ser motivo de sanción ou mesmo de despedimento disciplinario. Así pois, debes ir ao teu posto de traballo e recorrer xudicialmente os servizos mínimos impostos se entendes que son indebidos ou excesivos.

8. O día da folga, se estou de servizos mínimos, qué podo facer se un/unha superior me indica que debo facer algo que eu considero que se sae fóra dos mínimos?

De entrada, nunca debes negarte. Inda que saibas con certeza que esa tarefa non é urxente e que pode ser adiada para outro día, é dicir, inda que esteas na seguridade de que non é unha tarefa de mínimos, non debes negarte a facela se cho pide un/unha superior. **O que debes facer é comunicarlle a esa persoa as túas dúbidas sobre a pertinencia desa tarefa nun día de folga e inmediatamente poñerte en contacto co Comité de Folga** e explicarlle a situación. O Comité será quen te informe e fale coa empresa para solucionar a cuestión.

9. É delito que a empresa me diga que se non vou traballar o día de folga me ataña ás consecuencias?

Por suposto que o é. A folga é un dereito fundamental, polo que a coacción para evitar o seu exercicio está tipificada como delito. Se o empresario fai iso con testemuñas, debes comunicalo ao sindicato para presentarmos a correspondente denuncia.

ANTE CALQUERA DÚBIDA, CONTACTA CO COMITÉ DE FOLGA.